

Día das Letras Galegas

María Mariño, 2007

Diciá Octavio Paz que o poeta pode emprender dous camiños: un sería o que o conduciría á soidade esencial, aquilo en que de feito se é só; o outro levaríao á comunión, aquilo en que só se é ou, dito noutros termos, aquilo en que se é todo porque non se é nada. Ambos os dous camiños crúzanse, bifúrcanse constantemente e van proclamando, en perpetua desorde, a nosa condición de ser irremediabelmente solitarios ou a vislumbração de que podemos transcender esa soidade e ser outros mentres seguimos sendo nós propios. En resumo, ambos os dous camiños só mostran a nosa condición humana. Unha condición precaria e fascinante a un tempo. Precaria pola brevidade da nosa existencia; fascinante porque ese camiño curto está enchido de poderosos misterios que fan que a vida, outro tipo de vida, sexa perdurábel.

Desde a soidade e a comunión

ROMÁN RAÑA

A poesía de María Mariño percorre os dous carreiros. Por un lado, o arroubo e a vertixe de sentirse soa, co corazón cheo e vacío a un tempo porque nel aniñan tatuaxes sentimentais que resultan indelébeis: “A saudade de quen son é un peito sen borrar”

Por outra banda, a poeta procura no medio natural, na inmensidade dos bosques da montaña, o sosego interior, a comunión cos minerais, coas árbores, coas herbas, cos arrosos, ese instante privilexiado en que a contemplación se converte en fusión co obxecto contemplado porque a poeta non observa para apropiarse do que ve, senón para desposuírse, para ser todo o que ve: “Son a néboa que anda soia, son o sol/que quenta as queixas, dos camiños/son o farto,/son o sono que rixe/mundo que verte tempo”

A poeta viaxa polas arterias do bosque e atopa nel o vexetal inmóbil, contempla a bruma que, como ela,



está soa escorregando por todo e entón ela é o vapor que crece, o bafo que exhala a boca do animal humillado.

Neste momento de extrema clarividencia a nosa escritora descobre a máis estraña materia de que estamos feitos: o tempo. O tempo vértese, é líquido que empapa todo, substancia da nosa máis íntima inocencia: sabemos que imos nel, que nos atrapa e nos leva, que o é todo, mais ignoramos o sentido desa viaxe ao abismo, a esa “terra de sen pisadas”, dominio incógnito ao que sempre regresamos, se é que algunha vez dela partimos. Porque a contemplación do orbe, a desposesión de nós mesmos, é unha viaxe ás orixes, ao noso nacemento. Como un feto no líquido amniótico onde non hai noite nin día, onde estamos absolutamente sós e o tempo non parece tempo, só un lento alimento polo cordón umbilical da nosa nai, a terra.

MUNDO É UN
ECO DE NINGUÉN
E DE NINGURES
A SE FACER
PERCEPTÍBEL

NO ACTO DA ESCRITA

Cando o tempo nos crava ao desterro da soidade, o mundo é un eco de ninguén e de ningures que se fai perceptíbel no acto da escrita. Eis o segundo grande tema da nosa poetisa: a reflexión sobre a palabra, alicerce do que somos, como quería Heidegger. Porque a palabra nos fai homes no tempo, seres que se comunican pola vibración das cordas vocais ou pola letra impresa en follas inmaculadas. Se a escritora vive na honradez do seu exilio, a palabra é o vínculo que nos une a ela, a que nos dita a súa condición, a que nola desvela, a que nola expresa. Como a botella náufraga que vai á deriva no océano para atopar a man que a abra e encontre no seu interior a mensaxe que resume a súa vida, que a desvela.

PASA Á PÁXINA SEGUINTE

Poeta de dous camiños

LETRAS GALEGAS 2007



Obra completa de María Mariño
Edición de Victoria Sanjurjo



María Mariño. Vida e obra
Carmen Blanco



A vida secreta de María Mariño
Fran Alonso

XERAIS

xerais@xerais.es • <http://www.xerais.es>

María Mariño, 2007

Día das
Letras Galegas

VÉN DA PÁXINA ANTERIOR

María Mariño pertence á estirpe das escritoras silenciosas. Cidadá da alma de Rosalía, o seu drama de soidade inexorábel convértea na xenuína poeta do aillamento. Para ela a vida é un querer dicir máis longo que a vixilia, máis intenso que o soño, tan poderoso como o amor. Polos seus poemas pasan ríos, pasan fontes e palabras sinxelas como nenos e silencios máis tupidos que devesas.

A poesía de María Mariño parécese ao vagalume. É unha luz na noite, brilla no escuro como un diminuto punto de luz, mais, se nos acercamos a el, observamos que nese fráxil resplandor cabe o universo enteiro. No seu pulo significativo a poeta é atravesada pola frecha da contradición, como nestes versos de fulgor rosaliano: “Eu sentía un lonxe triste,/eu sentía nel ledicia,/que quería quedar soia,/eu quería compañía./¡aquela que eu non sabía!”

Moitas veces a do Courel ten un dicir misterioso, ao que non atopamos explicación aparente nin sentido, aínda que se indagamos máis a fondo axiña descubrimos o fio de Ariadna que nos fai saír ai-



rosos do seu labirinto verbal: “¡Canta morte eu vivín/polo alento ao revés do meu sentir!”

Místico vén de misterio, por iso no enigma do ser vibran as preguntas sobre a transcendencia, que a poeta expresa con asombrosa sinceridade: “Señor,/ti que sabes canto hai,Señor,/si onte i hoxe son de Vós/¿cal dos tempos é teu pan?”



O corpo é un libro que se pode ler, como a alma que o habita: “Linme hoxe por dentro.”

Ver é ler, mirar o cosmos é unha forma de pisar a eternidade, de descubrir que os nosos límites non teñen límites. María Mariño, con excepcional lucidez contemplativa, á maneira dos místicos de sempre, de Oriente a Occidente, de

SÚA POESÍA
SEMELLA AO
VAGALUME, BRILLA
NO ESCURO,
XORDE COMO
UNHA LUZ NA NOITE

Buda a Teresa de Xesús, dinos: “enteira de baleiro novo.”

Enteira de vacía, como propuña o vello Lao Tsi sentado no seu búfalo humillado, o que estivo setenta anos no ventre da nai destecendo misterios. Misterio do ser que se completa co vacío, asistimos á comunión coa natureza: “Nace en min un novo longo con mofo na raíz tecida.”

A pel da poeta é a membrana do pelello do mundo, a raíz das súas palabras é a mesma que a das árbores que medran na montaña, os froitos do seu peito son os que se espallan polo monte, entre as herbas dos prados, entre os intersticios dos camiños da luz.

PREMIO NARRATIVA BREVE REPSOL YPF 2007

Repsol YPF en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, no desexo de contribuír ao desenvolvemento da literatura galega, convoca a segunda edición do PREMIO DE NARRATIVA BREVE REPSOL YPF, de acordo coas seguintes

Bases:

- A este premio poderán concorrer todos os autores e autoras que o desexen, agás o gañador/a da edición anterior, cunha obra escrita en lingua galega, consonte á normativa establecida pola Real Academia Galega.
- As obras, que serán orixinais e inéditas, terán unha extensión non inferior a 50 follos nin superior a 120.
- Os orixinais, que se presentarán encadernados e por sextuplicado, estarán mecanografados a dobre espazo, a razón de 32 liñas de 70 caracteres aproximadamente. En cada un deles figurará o título da obra e o lema da mesma. Ademais, achegarase un sobre pechado no que figurará o devandito lema e, no seu interior o nome, enderezo e teléfono do autor ou da autora.

- As obras enviaranse antes do 16 de xullo de 2007, facendo constar no sobre PREMIO DE NARRATIVA BREVE REPSOL YPF, ao seguinte enderezo: Complexo Industrial Repsol YPF Apartado-700 15080 A Gornúa
- Establécese un único premio dotado con 6.000 euros. Esta cantidade estará suxeita a retención a conta do IRPF que legalmente corresponda.
- O premio poderá declararse deserto sempre que o xurado considere que as obras presentadas non reúnen a calidade suficiente.
- A contía do Premio inclúe os dereitos de autor pola primeira edición do texto gañador. A obra premiada será publicada por Editorial Galaxia a quen corresponderán os dereitos de edición en galego. En todas as edicións que se realicen farase constar o nome do Premio de Narrativa Breve Repsol YPF 2007.
- O xurado estará composto por persoas de recoñecido prestixio e será nomeado por Repsol YPF e a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia en colaboración coa Real Academia Galega, a Editorial Galaxia, a Asociación de Escritores en Lingua Galega e a Asociación Galega de Editores.

A súa decisión será inapelable e farase pública no mes de setembro do presente ano 2007.

- A entrega do Premio terá lugar no decurso dun acto público que se celebrará na cidade de A Gornúa.
- A non ser por razóns de forza maior, a persoa gañadora deberá estar presente no acto de entrega do Premio.
- Os orixinais non premiados serán devoltos, sempre que os autores ou autoras o soliciten por escrito, no prazo máximo de dous meses, a partir da data en que se faga pública a resolución do xurado. Os orixinais que non se retiren serán destruídos.
- Dos aspectos non contemplados nestas bases ou naqueles que puidesen ser obxecto de interpretación, a decisión corresponde ás entidades organizadoras quen, unha vez consultados os membros do xurado, emitirán fallo que será inapelable.
- A participación nesta convocatoria implica a aceptación das presentes bases.

A Gornúa, 18 de abril de 2007

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

XV CONCURSO LITERARIO XAIME ISLA COUTO

Día das Letras Galegas

CONFERENCIA

"LITERATURA E VIDA"

A CARGO DE
D. Manuel Veiga
Escritor e xornalista

17 / Maio / 2007
17:30 h.

Entrega de Diplomas na
CONFRARÍA DE
PESCADORES DE RAXÓ

Organiza:
Concello de Raxó
S.C.D. Raxó
Concello Municipal de Cultura